

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 10854** *Real decreto lei 6/2018, do 27 de xullo, polo que se aproba unha oferta de emprego público extraordinaria e adicional para o reforzo de medios na atención a asilados e refuxiados.*

I

Nos últimos anos os movementos forzados de poboación atinxiron cotas nunca antes rexistradas. Segundo os últimos datos do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR), hai un total de 68,5 millóns de persoas desprazadas forzosamente e soamente en 2017 houbo 16,2 millóns de novos desprazados.

Un dos principais destinos destes fluxos migratorios, en particular os provenientes de conflitos como os de Siria, Palestina, Ucraína ou de países africanos, é a Unión Europea. Neste senso, o noso país, pola súa localización xeográfica, sitúase entre as portas de entrada daqueles, ademais de recibir os fluxos provenientes de América central e do sur.

A condición de refuxiado recoñécese a toda persoa que, debido a fundados temores de ser perseguida por motivos de raza, relixión, nacionalidade, opinións políticas, pertenza a determinado grupo social, xénero ou orientación sexual, se encontra fóra do país da súa nacionalidade e non pode ou, a causa deses temores, non quere acollerse á protección de tal país, ou ao apátrida que, carecendo de nacionalidade e achándose fóra do país onde antes tivera a súa residencia habitual, polos mesmos motivos non pode ou, a causa deses temores, non quere regresar a el, e non estea incurso nalgunha das causas de exclusión, denegación ou revogación establecidas na Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.

A arquitectura do noso sistema de convivencia ten un dos seus esteos no recoñecemento de dereitos como maneira de protexer os máis vulnerables. E o asilo é pedra angular dese sistema.

Dentro da Administración xeral do Estado, corresponde ao Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, en coordinación co Ministerio do Interior, a acollida de solicitantes de asilo e refuxiados, co apoio das organizacións especializadas, e estas, pola súa vez, coordínanse en cada ámbito coas administracións autonómicas e/ou locais que dispoñen de prazas de acollida e axudas.

O incremento das migracións cara ao noso país, cun significativo aumento do número de persoas chegadas de forma irregular ás nosas costas e ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla, fixo que se incremente exponencialmente a carga de traballo en materia migratoria.

Por outra parte, consecuentemente co anterior, en materia de recoñecemento do dereito de asilo, o incremento do número de refuxiados estes últimos anos provocou un gran volume crecente de solicitudes de asilo, apátridas e outras figuras de protección internacional que fan de urxente necesidade a mellora da dotación destes servizos para o seu normal funcionamento.

Para dar resposta ao desafío dos novos fluxos migratorios é necesaria a incorporación urxente dun total de 323 prazas, adicionais ás da oferta de emprego público, por medio deste real decreto lei. Delas, a fin de mellorar os procedementos que no ámbito de asilo xestiona o Ministerio do Interior, en materia de recoñecemento do dereito de asilo e outras figuras análogas de protección, autorízase a convocatoria de 231 prazas de acceso por quenda libre correspondentes ao exercicio 2018.

E por outra parte, para reforzar os procedementos que no ámbito das migracións xestiona o Ministerio do Traballo, Migracións e Seguridade Social, autorízase a convocatoria de 92 prazas de acceso por quenda libre correspondentes ao exercicio 2018.

Deste modo, engádese á oferta de emprego público para o exercicio 2018 unha oferta extraordinaria para dotar adecuadamente este conxunto de sectores, que, como se expuxo, son chave na necesidade de mellorar do sistema de acollida, para impulsalo como un sistema xusto, integrador e eficiente.

## II

Este real decreto lei cumpre cos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia. Así, a norma persegue un interese xeral ao permitir asegurar o correcto funcionamento de sectores de actividade pública esenciais como son garantir o dereito de asilo aos seus demandantes e a acollida dos refuxiados, así como o funcionamento das relacións entre as administracións públicas cos cidadáns e as empresas. Este real decreto lei non supón a restrición de dereitos dos particulares, establece as medidas imprescindibles para cumprir o seu obxectivo, non xera novas cargas administrativas e quedan xustificadas suficientemente os obxectivos que persegue.

## III

Como sinalou en diversas ocasións o Tribunal Constitucional, corresponde ao Goberno apreciar cal é o momento ou a conxuntura económica máis apropiada para adoptar medidas de política económica xeral, que se poden adoptar, cando así sexa preciso, mediante a aprobación de disposicións legislativas provisionais e de eficacia inmediata como as contidas nun real decreto lei.

Todos os argumentos expostos xustifican de maneira adecuada e suficiente a urxente e extraordinaria necesidade da adopción do presente real decreto lei.

Ademais, este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

En definitiva, de todo o anterior resulta que, neste caso, o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, en tanto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional, que acorrer a unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Política Territorial e Función Pública, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2017,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Reforzo do emprego público no recoñecemento do dereito de asilo.*

A fin de mellorar o emprego público no ámbito da política interior, en materia de recoñecemento do dereito de asilo e outras figuras análogas de protección, autorízase a convocatoria de 231 prazas de acceso, por quenda libre, correspondentes ao exercicio 2018:

| Código de Corpo | Corpo  | Cota xeral | Cota discapacidade xeral | Total prazas |
|-----------------|--|------------|--------------------------|--------------|
| 1122            | Corpo de xestión da Administración civil do Estado . . . . | 181        | 10                       | 191          |
| 1135            | Corpo xeral administrativo da Administración do Estado . . | 38         | 2                        | 40           |

**Artigo 2. Reforzo do emprego público na acollida dos refuxiados.**

A fin de mellorar o emprego público no ámbito de migracións, en materia de acollida de refuxiados, autorízase a convocatoria de 92 prazas de acceso, por quenda libre, correspondentes ao exercicio 2018:

| Código de Corpo | Denominación de corpo  | Cota xeral | Cota discapacidade xeral | Total prazas |
|-----------------|--|------------|--------------------------|--------------|
| 6000W           | Escala técnica de xestión de organismos autónomos, especialidade emprego . . . . . | 20         | 1                        | 21           |
| 1122            | Corpo de xestión da Administración civil do Estado . . . . .                       | 57         | 3                        | 60           |
| 1177            | Corpo de xestión de sistemas e informática da Administración do Estado . . . . .   | 3          | 0                        | 3            |
| 1146            | Corpo xeral auxiliar da Administración do Estado . . . . .                         | 8          | 0                        | 8            |

**Disposición adicional primeira. Criterios de reposición de efectivos.**

As prazas correspondentes ao exercicio de 2018 previstas neste real decreto lei son adicionais ás que se refire o artigo 19.un.3.Ñ) e R) da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e que se prevén na oferta de emprego público para o ano 2018.

**Disposición adicional segunda. Normas polas que se desenvolverán os procesos selectivos derivados deste real decreto lei.**

Os procesos selectivos que se convoquen para a cobertura das prazas autorizadas en virtude deste real decreto lei efectuaranse conforme as previsións do real decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2018.

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xullo de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN